



ASOCIACIÓN GALEGA DE MEDICINA
FAMILIAR E COMUNITARIA

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS GRUPOS DE TRABALLO

I. XUSTIFICACIÓN

Considérase que os grupos de traballo (GdT) constitúen o “principal activo” dunha sociedade científica.

Responden á demanda-oferta das inquietudes e necesidades científicas intentando satisfacer os profesionais, os servizos sanitarios e os usuarios. Enriquecen o perfil profesional e potencian o desenvolvemento da sociedade científica, acadando un recoñecemento que permite ser considerados na planificación dos servizos sanitarios e na súa utilización, buscando, polo tanto, a satisfacción dos usuarios. Péchase o ciclo: “a sociedade científica responde á sociedade”.

Os GdT son tamén unha das fontes de financiamento da sociedade científica.

Preténdese ademais que toda a actividade derivada dos GdT sexa baixo o amparo da sociedade; pero son “autónomos” e participan en actividades alleas á sociedade.

Polo tanto, cómpre crear unha regulamentación da actividade mediante a creación dunhas Normas de funcionamento dos Grupos de Traballo da AGAMFEC, seguindo tamén as directrices xerais da SEMFYC.

II. CONSTITUCIÓN E EXTINCIÓN DOS GRUPOS DE TRABALLO

Os grupos de traballo constituiranse respondendo a unha necesidade (“demanda”):

- A iniciativa da sociedade: por necesidade estratéxica do colectivo representado pola sociedade científica.

- A iniciativa dos socios: por necesidade de facilitar o desenvolvemento dunha actividade no ámbito científico ou profesional que dea resposta ás necesidades sentidas polos socios que comparten esa inquietude.
- A iniciativa allea á sociedade: por necesidade expresada por colectivos alleos á sociedade ou aos socios.

Para ser membro dun GdT, requirirásese a cumplimentación do documento de boas prácticas dos GdT-Semfyc pno momento da súa incorporación.

Estarán formados por socios da AGAMFEC. Pero estarán abertos a outras categorías profesionais e a outras especialidades, cando se estime beneficioso para o seu funcionamento, mantendo o liderado dos socios da AGAMFEC. Estarán permanentemente abertos á participación de calquera socio interesado no tema buscando sempre o dinamismo e a máxima calidade.

Os GdT poderán propoñer á Xunta directiva de Agamfec a incorporación temporal de profesionais ou entidades para colaborar con actividades do grupo. Os colaboradores serán considerados, a efectos de dereitos e deberes no GdT como socios adheridos e deberán cumprimentar o documento de boas prácticas da semFYC.

Deben estar formados por un mínimo de tres membros e aconséllase non superar os 8-10 membros, por razóns de operatividade, sen que exista realmente un límite superior.

Como norma, o grupo designará o seu coordinador. Se ao inicio non se coñecesen suficientemente e non houberse ningún voluntario pode ser designado pola Xunta Directiva.

Os grupos EXTINGUIRANSE por iniciativa da sociedade ou da Xunta Directiva, por finalización da actividade do grupo ou por falta de actividade dos seus membros. No derradeiro suposto, se a necesidade que motivou a creación do grupo de traballo segue vixente, habería que procurar a revitalización do grupo co recambio dos membros, a definición de novos obxectivos ou de novas fórmulas de traballo.

A constitución e a extinción do grupo debe ser aprobada na Xunta Directiva. Débeselle comunicar á Xunta Directiva o cambio do responsable do grupo.

Un membro pode ser destituído da súa labor dentro do grupo se incorre en faltas graves ou ben en faltas que, aínda sendo leves, son continuadas Tamén se así o propoñen máis do 50% dos membros do grupo. Esta situación require notificación expresa á Xunta Directiva.

Para máis especificacións en canto ás faltas graves consultar o regulamento de réxime interno a disposición na páxina web de Agamfec.

Tódolos GdT terán igual consideración ante a organización, cos mesmos dereitos e deberes.

III. OBXECTIVOS DOS GRUPOS DE TRABALLO

Os obxectivos xerais dos grupos de traballo serán:

1. Asesorar a AGAMFEC no ámbito do grupo de traballo.
2. Elaborar e adaptar os documentos científicos e recomendacións establecendo unhas “normas de boa práctica profesional”.
3. Divulgar as evidencias científicas que vaian aparecendo velando pola calidade da produción científica.
4. Propiciar a homoxeneidade dentro dos profesionais da Atención Primaria, colaborando con outras sociedades científicas de Atención Primaria de Galicia e coas directrices da SEMFYC. Debe haber un respecto á autonomía dos grupos de traballo da AGAMFEC pero mantendo un intercambio de información para realizar unha planificación consensuada de actividade para non duplicar esforzos.
5. Impulsar a actividade científica e fomentar a investigación entre os médicos de familia.
6. Colaborar coas Unidades Docentes de Medicina Familiar e Comunitaria de Galicia na formación dos médicos residentes da especialidade.
7. Desenvolver unha actuación no ámbito social, profesional e científico, sensibilizando a Administración Sanitaria para que estableza actividades formativas entre os profesionais da Atención

Primaria, e programas educativos dirixidos á poboación para que adopte uns hábitos de vida saudables.

Cada grupo desenvolverá os seus obxectivos xerais e específicos coincidindo cos obxectivos da sociedade

IV. ACTIVIDADES DOS GRUPOS DE TRABAJO

Os GdT adquiren cada ano o compromiso de presentar unha planificación de actividades que se presentará anualmente e poderá acompañarse dun presuposto estimativo. Esta planificación anual farase co apoio da secretaría, da coordinación dos GdT e da Xunta directiva de Agamfec, e será aprobada nos presupostos xerais.

As actividades que realizará cada grupo de traballo serán definidas no momento de creación do grupo e revisaranse periodicamente cando se realice a avaliación.

Pero cada grupo de traballo debe desenvolver unha serie de “ACTIVIDADES MÍNIMAS” nos seguintes ámbitos de actuación:

IV.1. NO ÁMBITO DA DOCENCIA

- Para outros profesionais sanitarios.
- Para autoformación dos membros do grupo.
- Mediante a participación en Congresos, Escolas de Verán, Xornadas de FMC, cursos, talleres, mesas de debate..., e outros métodos de formación. Coa Universidade, “ofrecendo os servizos” para a formación postgrao ou para os cursos do Terceiro Ciclo.

IV.2. NO ÁMBITO DA INVESTIGACIÓN

- Desenvolvemento de liñas de investigación propias.
- Colaborar en proxectos da AGAMFEC (ou SEMFYC) e que se trasladan aos grupos de traballo.

IV.3. NO ÁMBITO DAS PUBLICACIÓNS

- Documentos dirixidos aos profesionais elaborando recomendacións de boa práctica clínica.
- Documentos dirixidos aos pacientes/cidadáns.

- Actualizacións e revisións periódicas de publicacións con respecto ao tema do grupo.
- Editoriais sobre o seu tema de traballo para as publicacións periódicas da AGAMFEC.
- Información para actualizar a páxina web da AGAMFEC.

IV.4. NO ÁMBITO DA COMUNICACIÓN

- Difusión de mensaxes de saúde á poboación.
- Elaboración de guías e documentos dirixidos aos cidadáns.

A AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE realizarase mediante MEMORIA ANUAL estruturada, separada por, polo menos, o cumprimento das actividades mínimas que permitan facer unha valoración dos resultados e elaborar un novo proxecto de actividades para o seguinte ano. Como norma xeral, se non se recibise outro comunicado, a memoria debe ser enviada antes do 15 de decembro de cada ano, a fin de elaborar a memoria xeral e enviala á SEMFYC antes de finalizar o ano en curso ou nos primeiros 15 días do ano seguinte.

Os dereitos de autor xerados a partir de calquera produción científica (“propiedade intelectual”) e calquera rendemento obtido corresponden á AGAMFEC.

A AGAMFEC facilitará a presenza dos Grupos de Traballo en actividades científicas da asociación (xornadas, congresos, cursos...) e facilitaralles o acceso preferente aos seus órganos de difusión e publicacións. Os GdT utilizarán a imaxe corporativa AGAMFEC en tódalas súas actividades e publicacións.

Os socios da AGAMFEC terán acceso preferente ás actividades formativas e de investigación dos Grupos de Traballo.

V. FINANCIAMENTO DOS GRUPOS DE TRABALLO

Os Grupos de Traballo son autónomos no seu financiamento e mantemento.

No caso de compra de material por parte dos GdT para o desenvolvemento de actividades docentes, este será financiado por AGAMFEC, sendo titular da súa propiedade, quedando o material

rexistrado como inmovilizado da asociación mediante factura oficial de maneira individualizada.

VI. ORGANIZACIÓN DOS GRUPOS DE TRABAJO

VI.1. COMPROMISO DOS MEMBROS DO GRUPO DE TRABAJO

A relación dos membros dos GdT coa AGAMFEC é contractual aínda que non se formalice de maneira explícita coa sinatura dun documento.

Os membros dos grupos de traballo comprométense a:

- Cumprir a normativa e regulamento de funcionamento.
- Non comprometer o selo de AGAMFEC sen consentimento expreso da Xunta Directiva.
- Non utilizar o apelativo de “membro de GdT de AGAMFEC” en actividades ou documentos que poidan supoñer un desprestixio para a sociedade ou falta de acordo coa mesma, porque:

O contido da actividade ou documento está en contradición co avalado polo resto dos membros do GdT, ou por algún outro GdT AGAMFEC ou por outros representantes da sociedade.

Na actividade ou documento ou proxecto prima o interese comercial sobre o científico.

Reporten beneficio de calquera tipo a título exclusivamente persoal, non extensible ao resto dos GdT do que forman parte nin á sociedade no seu conxunto.

Cada grupo de traballo ten unha estrutura e unha temática propias pero todos actuarán identificándose como “Grupo de traballo da AGAMFEC” e pasarán un mesmo cuestionario aos discentes ao finalizar a sesión en que se avalíen aspectos como a metodoloxía de traballo, o material utilizado, o/os relatores, a adecuación ao tema, e a utilidade, e posibilidade de suxestións.

- Presentar anualmente unha recompilación de actividades para a elaboración da Memoria Anual dos GdT. Existe a posibilidade de elaborar uns mínimos que poidan ser aplicados de forma homoxénea a todos os grupos en que polo menos se cumpran os obxectivos mínimos e a metodoloxía de funcionamento común.

- Aceptar as decisións adoptadas pola Xunta Directiva sobre a participación en actividades ou proxectos.
- Acudir ás reunións dos GdT.
- Asesorar a Xunta Directiva sobre o tema do grupo de traballo.
- Representar a AGAMFEC nos actos e actividades que se propoñan.

VI.2 COMPROMISO DO COORDINADOR DO GRUPO

Cada GdT dispoñerá dun coordinador que actuará como representante do grupo.

O coordinador do grupo comprométese a realizar as seguintes funcións:

- Información e responsabilidade directa sobre o grupo.
- Dirección e dinamización do grupo.
- Coordinación xeral e representación do GdT.
- Elaboración e presentación anual da memoria e proxecto de actividades.
- Proporcionar información para manter actualizada a páxina web.
- Xestión dos recursos que se asignen para facer as actividades do grupo

VI.3. COMPROMISO DO COORDINADOR DOS GRUPOS

O coordinador dos grupos comprométese a realizar as seguintes funcións.

- Información e coordinación dos GdT.
- Actuar como interlocutor entre os grupos e a Xunta Directiva e coas demais sociedades e asociacións.
- Representación dos GdT.
- Solicitará a Memoria de Actividades e Proxectos de Actividade.
- Manter actualizada a páxina web.